

---

# Orzamentos xerais do Estado 2015



**Confederación Intersindical Galega**

[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)

---

## ORZAMENTOS DO ESTADO 2015.

O proxecto de orzamentos do estado para 2015, a lei máis importante que o goberno do estado promulga no ano, que determina a maior parte das súas políticas, ademais, de sela base sobre a que se moverá a economía durante o ano, non nos aporta ningunha novidade con respecto a anos anteriores; estamos pois ante uns orzamentos continuistas, onde o máis importante é facer fronte a débeda pública, capítulo que absorbe a maior parte do incremento do gasto; onde se reducen os gastos en desemprego cando cada vez temos unha maior parte de poboación sen ingresos derivado do traballo, onde se reduce a investigación en sanidade e medra en defensa...; e todo isto sobre un escenario macroeconómico de difícil credibilidade.

Non hai ningunha aposta por cambiar a situación económica, non hai cambio de política, continúaase coa política de austeridade que nos levou a situación presente de crise profunda; polo que basean única e exclusivamente a recuperación económica que, segundo o goberno se vai consolidar no ano 2015, na reforma fiscal.

Reforma fiscal, regresiva, que favorece máis as rendas altas que as baixas, as rendas procedentes do capital que os do traballo..., pero como pode incrementar lixeiramente a liquidez dos contribuíntes, isto vai ser suficiente para a recuperación do consumo e polo tanto da actividade económica e do PIB. Que fácil. Unha reforma fiscal, non cambia nada máis, e xa nos atopamos ante un novo escenario. A saber:

Comezando polo escenario macroeconómico que sustenta dito proxecto, sinala o goberno que o ano 2015 será *“o ano de consolidación do proceso de recuperación iniciado pola economía española no ano 2014, no que se preve que remate cun crecemento do PIB do 1,3%, acadando un incremento do 2% no ano 2015”*.

Antes de analizar os distintos compoñentes do PIB non debemos esquecer que nestes orzamentos as previsións macroeconómicas xa inclúen as revisións da composición e do nivel de PIB derivado do novo SEC-2010 (Sistema Europeo de Contas 2010) que inclúe numerosas novidades, sendo as máis coñecidas a incorporación dos fluxos provenientes de actividades ilegais; pola súa importancia tampouco debemos esquecer a incorporación da I+D como Formación bruta de Capital antes consumo intermedio..., sen dúbida todo isto modifica substancialmente o nivel acadado.

Tendo en conta esta salvedade, que non podemos nin debemos obviar, dito escenario fundaméntase na creación de emprego (incremento do 1,4% dos postos de traballo a tempo completo no ano 2015), e na reforma do IRPF, o que vai redundar nun incremento do consumo privado (medre do 2,1% de media durante 2015), así como nas mellores condicións de financiación, que van, segundo o executivo, propiciar un importante repunte da Formación Bruta de Capital, para a cal se prevé un incremento do 4,4%. Así é a demanda interna cunha contribución o medre do PIB do 1,8 puntos é a que vai sustentar

o crecemento do PIB, xa que se prevé que a demanda externa vai contribuír en tan so 0,2 décimas.

Parece maxia, a economía europea estancada, numerosas incógnitas xeoestratéxicas internacionais, caída das rendas no estado español..., e con so un redución do IRPF, a economía do estado español despega; xa que non hai nada novo nestes orzamentos, ( que por outra parte determinan a maior parte das políticas), que permita aseverar este marco macroeconómico.

Por exemplo, o consumo final das administracións públicas, ( non so a administración do estado), ou o que é o mesmo o gasto público prevén que descenda un 1%. É dicir , a administración pública non vai aportar nada a esta recuperación, a pesar de que o orzamento da administración estatal medre, pero todo o medre, como veremos máis adiante vai destinado a amortizar débeda pública e os gastos financeiros derivado da mesma.

Para este escenario os orzamentos públicos prevese que aporten 440.074,74 millóns de euros, cuxos ingresos non financeiros, saen maioritariamente de impostos directos e cotizacións sociais, xa que se preve que aporten o 67,1% dos ingresos non financeiros.

O incremento da recadación a través de impostos directos ( os máis importantes IRPF e imposto de sociedades) estímase nun 3,9% a pesar ser neste ano cando vai entrar, previsiblemente, en vigor a nova reforma fiscal, que entre outras modificacións, reduce os tipos de gravame de ambos impostos. Pero as previsións de crecemento económico e creación de emprego ( así como o incremento do custe laboral unitario , un 0,4%), son tan optimistas que compensan con creces estas reducións, e polo tanto a recadación a través destes impostos vaise incrementar.

A través de impostos indirectos prevese un incremento da recadación do 17,2%. Segundo especifican na memoria, este forte incremento débese en parte ó aumento do consumo derivado do incremento da ocupación e da maior dispoñibilidade dos traballadores pola rebaixa do IRPF, pero en parte por liquidacións atrasadas.

Se a estes dous capítulos se lle engaden o resto das operacións non financeiras acádanse os 289.317,51 millóns de euros, para o resto hai que endebedarse. O endebedamento bruto previsto nestes orzamento é de 141.757,23 millóns de euros, dos cales 92.233,13 destínanse a amortizar a débeda atrasa, co que nos queda un endebedamento neto de 49.523,93 euros.

O resto dos ingresos distribúense por capítulo de gastos como se describe a continuación.

Gastos consolidados por capítulos. Millóns de euros.

Capítulo	2014		2015		variación
	Importe	% total	Importe	% total	
I. Gastos de persoal	21.303,96	5	21.597,99	4.9	1,4

II. Gastos en bens correntes e de servizos	7.619,35	1,8	7.858,57	1.8	3,1
III. Gastos financeiros	36.661,80	8,7	35.560,08	8.1	-3,0
IV. Transferencias correntes	231.125,92	54,6	231.599,76	52.6	0,2
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>296.711,03</b>	<b>70,1</b>	<b>296.616,40</b>	<b>67.4</b>	<b>0,0</b>
V. Fondo de continxencia	2.665,95	0,6	2.616,20	0.6	-1,9
VI. Investimentos reais	4.727,85	1,1	4.953,54	1.1	4,8
VII. Transferencias de capital	9.986,14	2,4	11.317,36	2.6	13,3
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>14.713,99</b>	<b>4,1</b>	<b>16.270,90</b>	<b>3.7</b>	<b>10,6</b>
<b>T. GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>314.090,97</b>	<b>74,2</b>	<b>315.503,50</b>	<b>71.7</b>	<b>0,4</b>
VIII. Activos financeiros	40.535,10	9,6	32.338,10	7.3	-20,2
IX. Pasivos financeiros	68.605,25	16,2	92.233,13	21.0	34,4
<b>TOTAL GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>109.140,36</b>	<b>25,8</b>	<b>124.571,24</b>	<b>28.3</b>	<b>14,1</b>
<b>Total orzamento</b>	<b>423.231,33</b>	<b>100</b>	<b>440.074,74</b>	<b>100.0</b>	<b>4,0</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos xerais do estado 2015.

Se os 92.233,13 millóns de euros que se prevén destinar a amortización de débeda lle sumamos os gastos financeiros que xera: 35.560,08 millóns: 127.793,21 millóns, o 29% do orzamento está destinado a pago de xuros e amortización da débeda, isto a pesar da redución dos tipos de xuro, que permitiron rebaixar sustancialmente o capítulo de gastos financeiros de feito o capítulo de gastos financeiros ten en principio un dotación un 3% inferior á prevista para o ano 2014.

O importante montante de débeda está lastrando en parte a recuperación económica, e non debemos esquecer que unha parte importante da mesma foi subscrita para facer fronte ó rescate bancario, que por outro lado foi precisamente , o sector bancario, un dos principais causantes da crise que estamos padecendo.

Asemade, é o capítulo de amortización da débeda o que máis vai medrar segundo este proxecto de orzamentos, concretamente un 34,4%, absorbendo a maior parte do incremento do orzamento para 2015. Así, os gastos financeiros no seu conxunto medran un14,1%, os non financeiros practicamente se manteñen, xa que so se preve un medre dos mesmos do 0,4%.

Os gastos de persoal, capítulo I, representan o 4,9% ( 5% no ano 2014) do total dos gastos, e estímase un incremento dos mesmos do 1,4% con respecto ó ano anterior. Destacar que un ano máis que o persoal a cargo do sector público vai ver conxeladas a súas remuneración. No que atinxe á incorporación de novo persoal, non se procedera a mesma, e tan so en educación, sanidade e nas forzas e Corpos de seguridade do Estado, a taxa de reposición do persoal, será como máximo do 50%.

As transferencias correntes, son o capítulo de gasto máis importante dos orzamentos, para o ano 2015 prevese que absorban o 52,6% do total; con

respecto ó ano 2014, o incremento previsto é do 0,2%. Dentro deste capítulo vamos centrarnos especificamente nas coñecidas como gasto social.

Gasto social: millóns de euros.

	2014	2015	VARIACIÓN
Pensións	127.483,83	131.658,93	3,3
Outras prestacións económicas	11.603,83	10.943,66	-5,7
Servizos e promoción social	1.809,81	1.840,96	1,7
Fomento do emprego	4.073,52	4746,36	16,5
Desemprego	29.727,53	25.300,04	-14,9
Acceso a vivenda	799,64	587,41	-26,6
Xestión e administración da seguridade social	4.377,40	5.344,78	22,1
<b>(1) PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>179.875,57</b>	<b>180.422,14</b>	<b>0,3</b>
Sanidade	3.839,76	3.863,83	0,6
Educación	2.150,05	2273,07	4,5
Cultura	716,4	749,14	4,3
<b>(2) PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE.</b>	<b>6.706,21</b>	<b>6.886,04</b>	<b>5,6</b>
<b>GASTO SOCIAL (1)+(2)</b>	<b>186.581,77</b>	<b>187.308,18</b>	<b>0,4</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos xerais do estado 2015.

Dentro do gasto social, podemos diferenciar dous apartados: os gastos en protección social e, a produción de bens públicos.

Comezando polo últimos, a súa cativa cuantía débese a que a maior parte das funcións destas áreas están transferidas ás comunidades autónomas. Tan so destacar dentro de educación o programa destinado a becas, o cal ten unha dotación orzamentaria de 1.413,5 millóns de euros, un 0,2% máis que no exercicio anterior. Dado que cada vez hai un maior número de familias en situación precaria e polo tanto con dereito a recibir axudas económicas para o estudo dos seus fillos, deberían dotar de maior presuposto esta partida, e que ningún estudante tivera que abandonar os estudos por motivos económicos.

Centrándonos nas áreas de protección e promoción social, a partida máis importante é a destinada a pensións, a cal medra un 3,3% con respecto ó previsto nos orzamentos do ano anterior; dito medre non se debe a revalorización do importe das pensións, senón o incremento do número de pensionistas e da pensión media. A pensión media aumenta polo maior importe que van percibir os novos pensionistas con respecto ós que saen do sistema, non polo revalorización das existentes.

A revalorización prevista das pensións é do 0,25%o que conforma, un ano máis, a perda de poder adquisitivo das xa exiguas pensións da maioría dos noso pensionistas, xa que segundo o cadro macroeconómico que acompaña o proxecto de orzamentos, a variación dos prezos medida a través do deflactor do PIB vai ser do 0,6%.

A partida destinada a outras prestacións económicas ten especial importancia para nos xa que nela se integran prestacións orientadas a compensar rendas salariais deixadas de percibir polo traballador por enfermidade, maternidade... , así como o orzamento de FOGASA. En conxunto esta área de gasto vai sufrir un descenso do 5,7%.

Dada a previsión de incremento da actividade económica para 2015, consideran que se van incrementar as IT, e polo tanto medran nun 1,3% o destinado a este programa.

Para o pago das prestacións do Fondo de Garantía Salarial, están previstos 1.036,56 millóns de euros.

Dentro do programa de servizos sociais e promoción social, a cuantía máis importante é a destinada a dependencia, en principio a partida vai ser moi similar a destinada a este fin no ano 2014, 1.177,04 millóns de euros.

A fomento do emprego destínanse 4.746,36 millóns de euros, un 16,5% máis que no ano 2014; este incremento débese maioritariamente os fondos que a Unión Europea ( 1.800 millóns) ten previsto destinar entre 2014 e 2015 ó fondo de garantía Social, xa que o incremento dos fondos responden basicamente ó incremento nas partidas destinadas a financiar as bonificacións á contratación. Non debemos esquecer que as bonificacións á contratación , sexa a través da chamada “tarifa plana”, o Plan de Garantía Juvenil... , é a principal, por non dicir, a única, política de emprego que utiliza o goberno; igual que na etapa de crecemento económico, o único que varía é a cuantía das bonificacións.

Dentro deste programa, unha das partidas máis importantes é a destinada a formación profesional para o emprego, a cal se ten previsto destinar durante o próximo ano 1.970,02 millóns de euros, un 8,6% máis que no durante 2014. este incremento débese ó aumento dos ingresos previstos por cotas de formación profesional, que ten establecida a afectación por lei á financiación deste sistema. Destes cretos, 936,01 millóns van destinados ó formación de ocupados, 766,83 millóns á formación de desempregados, o resto programas públicos de emprego.

Os orzamentos previstos para atender ós desempregados acadan os 25.300,04 millóns de euros, un 14,9% menos que no ano 2014. Segundo o goberno, o descenso débese a redución da taxa de paro que vai experimentar a economía española no ano 2015, prevén que a mesma se sitúe no 22,9% da poboación activa, 1,8 puntos inferior á do ano 2014. Redúzase ou non a taxa de paro, o que si é certo é que cada vez se gasta menos en prestación para desempregados debido a que o número de parados de longa duración, e polo

tanto sen dereito a prestación contributiva, cada vez ten máis peso sobre o total de parados.

Tampouco debemos esquecer neste apartado a emigración, a inxente cantidade de mozas e mozos que cada ano abandonan o estado español, non están cuantificados ou non interesa dar a coñecer eses números, pero son numerosos e contribúen a reducir as elevadas taxas de paro.

Continúa o descenso para acceso a vivenda e fomento da edificación, para o ano 2015 o orzamento estimado é un 26,5% inferior o do ano 2014.

Fora das actuacións de carácter social, non debemos esquecer a dotación prevista nos orzamentos do estado para a política en investigación desenrolo e innovación. Para o ano 2015 inclúe cretos por valor de 6.406,75 millóns de euros, un 4,2% máis que o inicialmente presupuestado para 2014. Pero dentro desta partida, os distintos programas teñen un comportamento moi dispar, o que máis medra é o apoio á innovación tecnolóxica no sector da defensa cun incremento previsto do 64,1% con respecto ó no 2014. O recorte máis grande sofre a investigación sanitaria nun 4,5% menos de fondos e o programa de investigación e desenrolo tecnolóxico- industrial, cun descenso do 1,4%.

Centrándonos agora nas operacións de capital, en conxunto sofren un incremento do 3,7%, A meirande parte son transferencias de capital son absorbidas por sociedades que xestionan infraestruturas (fundamentalmente Adif, aeroportos nacionais, portos do Estado...). Na distribución destes investimentos inflúen varios factores: características do territorio, se ten costa ou non, o retraso en determinadas infraestruturas etc. Entre uns e outros, a distribución territorial é como segue.

Distribución territorial da inversión real en 2015. millóns de euros.

	2014	2015	Variación	% sobre rexionalizable
Andalucía	1.711,53	1.958,16	14,4	17,4
Aragón	368,69	396,61	7,6	3,5
Asturias	303,02	333,43	10,0	3,0
Baleares	74,32	138,45	86,3	1,2
Canarias	256,3	267,92	4,5	2,4
Cantabria	197,91	229,53	16,0	2,0
Castela e León	1.401,35	1.744,26	24,5	15,5
Castela a Mancha	496,15	570,51	15,0	5,1
Catalunya	948,89	1.072,29	13,0	9,5
Estremadura	352,31	368,33	4,5	3,3
<b>Galiza</b>	<b>1.356,99</b>	<b>1.385,78</b>	<b>2,1</b>	<b>12,3</b>
Madrid	906,88	981,20	8,2	8,7
Murcia	303,83	425,33	40,0	3,8
Navarra	72,04	96,25	33,6	0,9
A Rioxa	91,83	94,87	3,3	0,8

Valencia	613,29	776,07	26,5	6,9
Euscadi	320,25	364,17	13,7	3,2
Melilla	28,34	35,41	24,9	0,3
Ceuta	51,38	29,53	-42,5	0,3
<b>T. rexionalizábel</b>	<b>9.855,30</b>	<b>11.268,10</b>	<b>14,34</b>	<b>100,0</b>
Non rexionalizable	2.205,40	1809,18	-17,97	
Extranxeiro	29,93	26,19	-12,5	
<b>TOTAL</b>	<b>12.090,63</b>	<b>13.103,47</b>	<b>-16,13</b>	

Fonte: Proxecto de orzamentos xerais do estado 2015.

O retraso nas obras do AVE a Galicia con respecto a outras comunidades nas que xa leva anos en funcionamento, sitúannos, xunto a Castela e León, como unhas das comunidades con maior peso na distribución da inversión real en 2015. Non temos polo tanto nada novo, trátase de gastos comprometidos de anos anteriores, e con moito retraso. Estamos falando de en torno ós 700 millóns de euros, máis da metade da inversión real en Galicia.

O Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), cada vez serve menos para mitigar as diferenzas territoriais, xa que a súa dotación é moi cativa. Para o ano 2015 prevese a mesma cantidade que para o ano 2014: 425,81 millóns de euros. A distribución entre as comunidades beneficiarias é como se amosa a continuación.

Fondo de Compensación Interterritorial. Millóns de euros.

	2014		2015		2015/ 2014%
	Importe	% total	Importe	% total	
<b>Galiza</b>	<b>44,55</b>	<b>10,5</b>	<b>42,92</b>	<b>10,1</b>	<b>-3,7</b>
Andalucía	159,35	37,4	160,47	37,7	0,7
Asturias	13,07	3,1	12,74	3	-2,5
Cantabria	3,9	0,9	4,06	1	4,1
Murcia	20,89	4,9	21,64	5,1	3,6
Valencia	53,87	12,7	55,22	13	2,5
Castela a Mancha	37,72	8,9	37,07	8,7	-1,7
Canarias	44,69	10,5	46,48	10,9	4,0
Estremadura	26,9	6,3	26,62	6,3	-1,0
Castela e León	20,89	4,9	18,59	4,4	-11,0
Total	425,81	100,0	425,81	100	

Fonte: Proxecto de orzamentos xerais do estado 2015.

Dos 425,81 dotados para este fondo nos orzamentos do 2015, a Galicia correspóndelle 42,92, o 10,1% do total, un 3,7% menos que no ano 2014. É, xunto con castela e León, a que máis peso perde neste reparto en 2015; o descenso do ano anterior fora do 27%.

Resumindo, outro ano perdido, non se desprende ningún cambio nestes orzamentos que nos permitan vislumbrar un xiro da situación económica ni na



mellora da situación da poboación en xeral, especialmente na que se atopa en situación máis precaria.

O que si se atisba é un novo deterioro do xa endeble “ estado do benestar”: perda de poder adquisitivo dos traballadores e pensionistas a cargo do sector público, deterioro dos sistemas públicos de sanidade e educación, falta de nova inversión fora da comprometida...